


2018  
2019



FORMACIÓN  
PROFESIONAL



o futuro  
nas túas mans



Familia profesional

Actividades  
físicas e  
deportivas

XUNTA DE GALICIA



# CM Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural

## Ciclo formativo de grao medio

## Título LOXSE

### Perfil profesional

### Duración

1.400 horas

Que se aprende a fazer? | Conducir clientes en condicións de seguridade por sendeiros ou zonas de montaña (onde non se precisen técnicas de escalada e alpinismo) a pé, en bicicleta ou a cabalo, conseguindo a satisfacción dos usuarios e un nivel de calidade nos límites de custo previstos.

En que ámbitos se traballa? | Conducción e animación de grupos/clientes. Organización e realización de actividades de sendeirismo, excursionismo, itinerarios en bicicleta e rutas ecuestres.

Que ocupacións se desempeñan? | Acompañador de montaña, guía de turismo ecuestre, guía de itinerarios en bicicleta, coordinador de actividades de conducción/guía en empresas turísticas ou entidades públicas ou privadas de actividades na natureza, promotor de actividades de conducción/guía en clubs ou asociacións.

Cales son os módulos deste ciclo? | Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que componen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	CM0029	Actividades físicas para persoas con discapacidades	55
1º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80
1º	CM0030	Conducción de grupos a cabalo e cuidados equinos básicos	215
1º	CM0031	Conducción de grupos en bicicleta	130
1º	CM0032	Desprazamento, estadía e seguridade no medio terrestre	215
1º	CM0033	Dinámica de grupos	55
1º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55
1º	CM0035	Fundamentos biolóxicos, saúde e primeiros auxilios	80
1º	CMHC75	Horas á disposición do centro	75
2º	CM0034	Formación en centros de trabajo	440

Que título se obtén? | Técnico en Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural.

# CS Ensinanza e animación socio deportiva

## Ciclo formativo de grao superior

## Título LOE

### Perfil profesional

### Duración

2.000 horas

Que se aprende a facer?	Elaborar, xestionar e avaliar proxectos de animación físico-deportivos recreativos para todo tipo de persoas usuarias, programando e dirixindo as actividades de ensino, de inclusión socio deportiva e de tempo libre, coordinando as actuacións dos/das profesionais implicados/as, garantindo a seguridade, respectando o ambiente e conseguindo a satisfacción das persoas usuarias, nos límites de custo previstos.
En que ámbitos se traballa?	No ámbito público, na Administración xeral, autonómica ou local, en entidades de carácter privado, en grandes, medianas ou pequenas empresas que ofrecen servizos de ensino deportivo, acondicionamento físico, inclusión socio deportiva e recreación.
Que ocupacións se desempeñan?	Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis, pádel, etc.); animador/a físico-deportivo/a e recreativo/a, de actividades de inclusión socio deportiva, de vela-das e espectáculos en instalacións turísticas, e de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas; coordinador/a de actividades de animación deportiva, de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas e privadas, de tempo libre educativo infantil e xuvenil, de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza, e de actividades paracurriculares no marco escolar; responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil; director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil, de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escola, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza, e de actividades paracurriculares no marco escolar; xefe/a de departamento de animación turística; cronometrador/a, xuíz/a e árbitro/a de competicións deportivas non oficiais; promotor/a deportivo/a de competicións de nivel elemental ou social e de eventos deportivos de nivel básico; monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos de tempo libre; socorrista en instalacións acuáticas.
Cales son os módulos deste ciclo?	Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que componen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1141	Actividades físicodeportivas de implementos	160
1º	MP1139	<b>Actividades físicodeportivas individuais</b>	186
1º	MP1145	Formación e orientación laboral	107
1º	MP1143	Metodoloxía do ensino de actividades físicodeportivas	107
1º	MP1136	<b>Valoración da condición física e intervención en accidentes</b>	240
1º	MP1138	<b>Xogos e actividades físicorecreativas e de animación turística</b>	160
2º	MP1123	<b>Actividades de lecer e tempo libre</b>	156
2º	MP1140	Actividades físicodeportivas de equipo	140
2º	MP1142	Actividades físicodeportivas para a inclusión social	105
2º	MP1124	<b>Dinamización grupal</b>	123
2º	MP1146	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1147	Formación en centros de trabalho	384
2º	MP1137	<b>Planificación da animación socio deportiva</b>	53
2º	MP1144	Proxecto de ensino e animación socio deportiva	26

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a alguma unidade de competencia.

Que título se obtén? | Técnico superior en Ensinanza e animación socio deportiva.

**Que unidades de competencia se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.**

<b>Módulos profesionais superados</b>	<b>Unidades de competencia acreditables</b>
MP1123 Actividades de lecer e tempo libre.	UC1868_2 Emregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre. UC1869_3 Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.
MP1124 Dinamización grupal.	UC1093_3 Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer. UC1867_2 Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude. UC1870_3 Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándooos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.
MP1136 Valoración da condición física e intervención en accidentes.	UC0272_2 Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia. UC0273_3 Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria.
MP1137 Planificación da animación sociodeportiva.	UC1658_3 Elaborar, xestionar, promover e avaliar proxectos de animación fisicodeportivos e recreativos.
MP1138 Xogos e actividades fisicorecreativas e de animación turística.	UC1094_3 Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística. UC1095_3 Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa. UC1096_3 Organizar e desenvolver reunións e espectáculos con fins de animación. UC1659_3 Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación fisicodeportiva e recreativa para calquera tipo de persoas usuarias.
MP1139 Actividades fisicodeportivas individuais.	UC1084_3 Programar actividades de ensino e acondicionamento físico básico relativas a actividades de natación. UC1085_3 Dirixir a aprendizaxe e o acondicionamento físico básico en actividades de natación.

Que módulos profesionais se validan? | A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC1868_2 Emregar técnicas e recursos educativos de animación no tempo libre.	MP1123 Actividades de lecer e tempo libre.
UC1869_3 Planificar, organizar, xestionar e avaliar proxectos de tempo libre educativo.	
UC1867_2 Actuar en procesos grupais considerando o comportamento e as características evolutivas da infancia e a xuventude.	MP1124 Dinamización grupal.
UC1870_3 Xerar equipos de persoal monitor, dinamizándooos e supervisándoos en proxectos educativos de tempo libre infantil e xuvenil.	
UC1093_3 Crear e dinamizar grupos en situacións de lecer.	MP1124 Dinamización grupal.
UC0272_2 Asistir como primeiro interveniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.	MP1136 Valoración da condición física e intervención en accidentes.
UC0273_3 Determinar a condición física, biolóxica e motivacional da persoa usuaria.	
UC1658_3 Elaborar, xestionar, promover e avaliar proxectos de animación fisicodeportivos e recreativos.	MP1137 Planificación da animación sociodeportiva.
UC1095_3 Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa.	MP1138 Xogos e actividades fisicorecreativas e de animación turística.
UC1096_3 Organizar e desenvolver reunións e espectáculos con fins de animación.	
UC1659_3 Organizar e dinamizar eventos, actividades e xogos de animación fisicodeportiva e recreativa para calquera tipo de persoas usuarias.	
UC1094_3 Organizar e desenvolver actividades lúdicas e físico-recreativas en animación turística.	MP1138 Xogos e actividades fisicorecreativas e de animación turística.
UC1095_3 Organizar e desenvolver actividades culturais con fins de animación turística e recreativa.	
UC1096_3 Organizar e desenvolver reunións e espectáculos con fins de animación.	

Nota. O módulo profesional MP1143: metodoloxía da ensinanza de actividades físico-deportivas validarase cando se teñan acreditadas todas as unidades de competencia que se inclúen no título.

# Información

## Notación

<b>O</b>	Réxime ordinario presencial
<b>A</b>	Réxime de adultos modalidade presencial
<b>D</b>	Réxime de adultos modalidade a distancia
<b>U</b>	FP Dual (empresa e centro educativo)

## CM Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural

### A Coruña

Arteixo	IES de Sabón	<b>O</b>	881960140	ies.sabon.arteixo@edu.xunta.es
Porto do Son	IES de Porto do Son	<b>O</b>	881866707	ies.porto.son@edu.xunta.es
<b>Pontevedra</b>				
Gondomar	IES Plurilingüe Terra de Turonio	<b>O</b>	886110203	ies.territuronio.gondomar@edu.xunta.es
Poio	IES de Poio	<b>O</b>	886151444	ies.depooi@edu.xunta.es
Silleda	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro	<b>O</b>	986580904	ies.pintor.colmeiro@edu.xunta.es

## CS Ensinanza e animación socio deportiva

### A Coruña

Coruña, A	IES Agra do Orzán	<b>O</b>	881880080	ies.agra.orzan@edu.xunta.es
Culleredo	IES Universidade Laboral	<b>O</b>	881960820	ies.universidade.laboral.coruna@edu.xunta.es
Ferrol	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	<b>O</b>	881930145	cifp.rodolfo.ucha@edu.xunta.es
Santiago de Compostela	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	<b>O</b>	881865556	ies.rosalia.castro@edu.xunta.es

### Lugo

Burela	IES Monte Castelo	<b>O</b>	982828241	ies.monte.castelo@edu.xunta.es
Lugo	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	<b>O</b>	982870003	ies.nosasenora.ollograndes@edu.xunta.es

### Ourense

Ourense	CIFP A Farixa	<b>O</b>	988236552	cifp.farixa@edu.xunta.es
---------	---------------	----------	-----------	--------------------------

### Pontevedra

Cangas	IES María Soliño	<b>O</b>	886120012	ies.maría.solino@edu.xunta.es
Mos	CPR Plurilingüe Lar	<b>O</b>	986487792	cpr.lar@edu.xunta.es
Pontevedra	IES Sánchez Cantón	<b>O</b>	886159039	ies.sanchez.canton@edu.xunta.es
Vigo	IES A Guía	<b>O</b>	886111003	ies.guia@edu.xunta.es
Vilagarcía de Arousa	IES Miguel Ángel González Estévez	<b>O</b>	886151791	ies.miguelangel.gonzalez@edu.xunta.es



## Onde informarse

**Portal Educativo de Formación Profesional:**  
[www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)

Síguenos en:

[twitter.com/fpgalicia](https://twitter.com/fpgalicia)  
 [facebook.com/fpgalicia](https://facebook.com/fpgalicia)

#FPGalicia  
#FPDualGalicia

**Departamentos de orientación dos centros educativos**

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**  
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
Edificio administrativo de San Caetano  
**Santiago de Compostela**  
Teléfonos 981 544 400 - 981 544 376  
dxefpie@edu.xunta.es

galicia



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA  
DE GALICIA